

## Categorías

SUPLEMENTO 17/12/2019

TODOS SOMOS DISTINTOS

## Comparte esta página

"O maxisterio bo pasa por ter docentes con paixón e formación", contan varias docentes logo da inmersión lingüística noutros países

[ALEXANDRA PACHECO](#)

17/12/2019



Inma Hernán, mestra de Primaria, e Ana Moreiras, profesora de Tecnoloxía, compartiron experiencias de inmersión lingüística no estranxeiro. Moreiras, en concreto, elaborou un álbum ilustrado "Ottawa meets Galicia", para contar a súa reflexión sobre o ensino canadiano tras a súa viaxe a este país no 2018. Sobre estas estancias, unha das apostas da Consellería de Educación, tratou o encontro educativo que ambas docentes organizaron en Santiago hai uns días baixo o título "Redebuxando o ensino: reflexións ilustradas sobre a escola de hoxe e de sempre". E fixérono co afán propositivo de recoller as experiencias máis valiosas do modelo educativo daqueles países aos que adoitamos mirar como referentes, pero sen esquecer o inmenso patrimonio pedagóxico que nos rodea e a urxente necesidade de tecer redes e alianzas entre o profesorado comprometido coa innovación e co resto de axentes sociais implicados nun sistema educativo proxectado cara o futuro, un encontro que tiveron a oportunidade de moderar.

**Colaboración.** Se algo nos diferencia do resto dos animais, e se algo nos vai permitir avantaxar á desacougante intelixencia artificial, é a creatividade e a capacidade de colaboración. Por isto, a columna vertebral deste encontro foi a reivindicación da súa presenza nas aulas, algo que non é senón un dos retos da Unión Europea en materia educativa, xunto a estoutros: pensamento crítico, comunicación, competencia dixital, responsabilidade social e aprender a aprender.

Pero estamos dándolle o suficiente valor no noso sistema educativo? Ana Moreiras opina que a creatividade debería ser unha das destrezas a potenciar en todos os contidos do currículo e non relegala de xeito exclusivo ás materias de Artes. “Para iso é fundamental volcarse no traballo por proxectos e na avaliación por competencias, aposta de países coma Canadá ou Finlandia”. Foi unha das reflexións que xurdiu neste debate, organizado por estas tres docentes do ensino público galego na librería Lila de Lilith de Santiago de Compostela “para abrir este tipo de encontros á sociedade, máis alá de xornadas e congresos liderados por expertos de renome que, ás veces, levan décadas sen pisar as aulas”.

**Retorno.** Cóntanse por milleiros os docentes que participan en programas de innovación para aportar estes matices nas súas escolas, pero son realmente transferibles as súas observacións? Existe un retorno auténtico das experiencias educativas internacionais? A resposta inicial parece pesimista: temos un sistema educativo moi ríxido e burocratizado. Para Inma Hernán, “tres son as eivas fundamentais sobre as que pivota a escasa rendabilidade pedagóxica destas experiencias do profesorado no estranxeiro: a falta de seguemento e avaliación por parte da institución que as promove, a escasa receptividade dos centros educativos nos que imparte docencia o profesorado que participa delas e, en definitiva, o excesivo hermetismo dun sistema educativo pouco aberto ás innovacións”.

**Currículo ‘sobresaturado’.** “Facer transformacións curriculares é practicamente imposible”, replica Ana Moreiras, “e ese é un dos principais obstáculos do noso alumnado hoxe, cun currículo demasiado teórico, desfasado e sobresaturado”. Durante o debate tamén xurdiu a crítica “á política de recortes dos últimos anos en contra da equidade de oportunidades, que non axuda a transferir os aspectos máis positivos das escolas que visitamos, ratios, calidade de espazos, cantidade de recursos, dixitalización das aulas”.

Para quen teña experiencia na observación aquí e noutros países hai un feito incontrovertible que sementa a esperanza: poida que a renovación non veña desde arriba pero é imparabile desde abaixo, expresaron as docentes que participaron en experiencias no estranxeiro. “Xa sexa unha escola de Primaria de Iowa ou un Bacharelato Tecnolóxico de Bruxelas, o maxisterio bo pasa por ter docentes con paixón e formación, persoas creativas que reforcen positivamente as capacidades do seu alumnado e a súa autoestima”, lembrou a profesora Inma Hernán. “E para iso non temos nin que saír de Galicia, unha das rexións con máis investimento en escolas públicas do Estado, comecemos a observarnos entre nós porque, sen caermos na autocompracencia, hai moitos proxectos que exportar desde as nosas escolas”, engadiu Moreiras. E ambas falan con coñecemento de causa.

La información más relevante del mundo educativo, en tu correo electrónico


RECIBIR NEWSLETTER



---


MAS DEL

[VER MÁS](#)



[ESCUELA DE PADRES Y MADRES](#)

17/12/2019



[PROTAGONISTAS](#)


17/12/2019

[SELINA OTERO](#)

As Anpas de Vigo (Foanpas) lanzan unha curtametraxe sobre situacións reais de desigualdade entre adolescentes titulada "Rebobina"


[REDACCIÓN](#)

Más de 2.000 alumnos y alumnas visitan cada año las instalaciones de Faro de Vigo. ¿Lo que más les sorprende? La rotativa del diario. En este reportaje recopilamos la ... [\[leer más\]](#)



[FOMENTANDO VALORES](#)

17/12/2019



[ESCUELA DE PADRES Y MADRES](#)

17/12/2019

[SELINA OTERO](#)


Acaban de celebrar su 120 aniversario, una larga trayectoria en la que este centro educativo pasó de salidas pedagógicas y colonias escolares viguesas a aulas felices o grupos ... [\[leer más\]](#)

[SELINA OTERO](#)

Seleccionar un regalo sen caer en estereotipos de xénero supón derrubar barreiras establecidas pero tamén inercias persoais. Ademais, existe o medo a defraudar aos propios ... [\[leer más\]](#)


---

MAS DE



[TODOS SOMOS DISTINTOS](#)

10/03/2020



[TODOS SOMOS DISTINTOS](#)

25/02/2020

[REDACCIÓN](#)

Desde joyería a moda, peluquería o diseño web... La VI Edición de la Feria de Enseñanzas Artísticas y Profesionales congrega desde ayer en el Mar de Vigo a estudiantes de la ... [\[leer más\]](#)

[SELINA OTERO](#)

El ciclo superior se centra en el diseño de muebles y espacios a través de ordenador, con programas como el Autocad. Los estudios medios son de fabricación e instalación. Las ... [\[leer más\]](#)

[TODOS SOMOS DISTINTOS](#)

11/02/2020

[TODOS SOMOS DISTINTOS](#)

28/01/2020

[ESTHER LÓPEZ / AGADIX](#)

Los estudios que hay en España sobre dislexia hablan de un 3%-4% de la población. Una cifra que alcanza el 18% en países de habla inglesa, según informes internacionales. ... [\[leer más\]](#)

[SELINA OTERO](#)

"A convención é estática e a creatividade é dinámica e flexible. Deixar aos nenos e nenas sen creatividade é formar seres que non se cuestionan nada, incapaces de enfrontarse ... [\[leer más\]](#)

---

**FARO EDUCA**

[Acerca del proyecto](#)

[Visitas educativas](#)

[Recibir newsletter](#)

**LEGAL**

[Aviso Legal](#)

[Política de Cookies](#)

**SIGUE A FAROEDUCA**

[facebook](#)

[twitter](#)

**CONTACTO**

[contacto@faroeduca.es](mailto:contacto@faroeduca.es)

© 2020 [Editorial Prensa Ibérica](#) - Todos los derechos reservados